


Título orixinal: 300

Dirección: Zack Snyder

Producción: Gianni Nunnari, Mark Cantón, Bernie Goldmann, Jeffrey Silver

Guión: Zack Snyder, Kurt Johnstad, Michael Gordon
(Baseado no cómic de Frank Miller)

Música: Tyler Bates

Fotografía: Larry Fong

Reparto: Gerard Butler, Lena Headey, Rodrigo Santoro, Vincent Regan, Michael Fassbender

País: Estados Unidos

Ano: 2007

A película de moda desta tempada está feita a partir do cómic de Frank Miller do mesmo título e baséase nun tema histórico, a batalla das Termópilas, no 480 a. C. É moi difícil falar da película sen falar dos dous elementos punto de partida: o cómic e a Historia.

Un pouco de Historia

A Historia pode ser sen lugar a dúbida tema de inspiración dunha obra artística. Cando creamos ficción, xa sexa en formato de libro, película, pintura..., desligámonos do real, polo tanto unha creación artística non ten que estar necesariamente atada á realidade para ter maior ou menor calidade. Por outra banda, a Historia serve de gancho para atraer a atención do público, ison feitos reais! e todos sabemos que moitas veces a realidade supera a ficción. Esta ansia de "realidade" explica o triunfo de xéneros como a novela histórica o cine histórico e, xa caendo máis baixo, os reality shows.

Esta película inspírase nun feito da historia de Grecia, unha batalla das Guerras

Médicas que tiveron lugar no s. V a. C. entre gregos e persas. Os autores escollen o punto de vista dun dos seus protagonistas, os espartanos. A historia de Esparta, polis grega fortemente militarizada, foi obxecto das máis diversas interpretacións e manipulacións por parte de diferentes ideoloxías, todas elas cun certo toque totalitario.

Tanto a cinta como a web da película comezan dicindo que é o "relato dunha batalla feroz na que 300 espartanos xunto co seu rei batéronse a morte contra o rei persa Xerxes e o seu masivo exército. O seu valor e sacrificio de inspirou a toda Grecia para unirse contra o inimigo persa, debuxando o perfil da futura democracia". Parece que a intención é non renunciar ao historicismo, pero vemos que o filme coquetea coa historia de xeito partidista e parcial e ofrece unha visión moi nesgada dos feitos. Imos por partes.

1º) Os que si insistiron na unión dos gregos foron os atenienses, que loitaron sos na primeira guerra médica, vencendo en Maratón. Tampouco é que os ateniense

loitasen a brazo partido pola liberdade, as guerras por ideas non existen. Os atenienses querían controlar o Exeo, para poder facer comercio libremente e alcanzar o auxe económico que si acadaron máis tarde. Os espartanos uníronse despois, cando xa vían cerca a invasión e é certo que, ao igual que os atenienses, rexeitaron ofrecer simbolicamente terra e auga ao gran rei persa e mataron aos mensaxeiros do rei que facían tal petición. Por certo, isto de matar ao mensaxeiro era un auténtico atentado contra o "dereito internacional" da época. Conta o historiador Heródoto, que despois de facer esta falcatruada, temendo as iras de deuses e mortais, dous machotes espartanos ofrecéronse para ir onda Xerxes a que os matase en compensación. Pero Xerxes, que era bastante máis civilizado do que se nos conta na



película, rexeitou semellante rebancha, alegando que el non tiña porque responder a unha acción inxusta de xeito tamén inxusto.

2º) Os espartanos tomaron a dirección militar na segunda guerra médica, para algo eran soldados profesionais. O inimigo persa baixaba dende o norte cun gran exército e ameazaba con invadir a Ática, especialmente Atenas, a súa capital. O paso seguinte sería seguir baixando e invadir a península do Peloponeso, controlada por Esparta. Naquel agosto do 480 a. C. os gregos tentaron frear o avance, cun exército duns 4.000 homes, entre os que se atopaban os 300 hoplitas (soldados de infantaría) espartanos cos seus 600 servos ilotas (cada espartano levaba dous). A película quixo reflectir o feito de que os propios espartanos tiñan problemas para enviar a todo o exército nese momento, xa que celebraban unhas festas relixiosas que obrigaban a unha tregua militar. A pesares de que o exército persa (duns 200.000 homes, que para a época era unha barbaridade) era moito máis numeroso que o grego, a estratexia de cortarlle o avance no desfiladeiro das Termópilas non era desatinada, xa que era un paso estreito que obrigaba ao exército a marchar nunha columna estreita. Conta Heródoto que un grego traizoou aos seus compatriotas indicando aos persas un atallo para rodealos. Xerxes non desaproveitou o chiva-



tazo e conseguiu rodear aos gregos. Ante esta situación, Leónidas, o rei espartano, decidiu licenciar ao groso do exército para evitar unha masacre inútil, pero sobre todo para que acudisen a protexer as cidades e cerra-sen o paso ao Peloponeso. E de novo Heródoto cóntanos como cos espartanos e os seus ilotas quedaron 700 tespios, (de Beocia) e 400 tebanos. Precisa o noso historiador que aínda que os tebanos quedaron rosmando, pois eran algo covardes, os tespios quedaron de moi boa gana. Polo tanto a película debería titularse 2000 e non 300. Poñamos por caso que os tebanos e maioría dos servos ilotas, que eran uns pringados sen nada que perder, se pirasen. Pois seguen sendo mil, pero está claro que os pobriños dos tespios quedaron no anonimato, sen ningunha plaquiña conmemorativa, nin cómic, nin película. Cóntase que no lugar puxeron unha placa, xa existían daquela, que dicía "Estranxeiro, dille aos espartanos que aquí morremos obedecendo as súas leis". Ao fin e ao cabo, os espartanos non tiñan opción, tiñan que obedecer

unha constitución un tanto heavy.

3º) Setenta anos máis tarde, en plena guerra do Peloponeso, Esparta contra Atenas, nin atenienses nin espartanos se preocuparon tanto pola liberdade nin pola unión dos gregos. Por quendas pediron axuda aos persas para machucarse os uns aos outros. Finalmente foron os espartanos os que conseguiron a guita, e despois de derrotar a Atenas impuxéronlles o réxime dos Trinta Tiranos, que non foi moi democrático precisamente. Aínda que os gregos vencesen nas Guerras Médicas, o auténtico gañador foi, á longa, o Imperio Persa, que sen sufrir demasiadas perdas na guerra foi quen de manexar a política grega da segunda metade do s. V a. C.

4º) Se nos quere ver facer que os persas eran uns auténticos demos perversos, alleos totalmente a cultura grega. Nada máis lonxe da realidade. As relacións entre Persia e os gregos eran fluídas e constantes e a influencia cultural inmensa. Non se pode esquecer que a influencia de oriente contribuíu ao



nacemento da filosofía e da ciencia. Incluso no exército de Xerxes había un importante número de xonios (gregos de Asia Menor). Descoñecemos por que, tanto no cómic como na película, os autores se empeñan en mostrarnos a Xerxes como o último emperador africano, cun aspecto sumamente grotesco incluso para un grego da época. Máis aínda cando temos un montón de testemuñas arqueolóxicas que nolo caracterizan. Ben é certo para moitos gregos da época o aspecto dos persas era un tanto afeminado (mira que levar pantalóns!) e non comían a súa parafernalia: o propio Xerxes se consideraba case un deus e andaba polo mundo adiante cun trono portátil dende o cal vía as batallas sen salpicarse de sangue.


O que máis nos desagrada da película non é que non se axuste a historia, senón que nos siga vendendo a idea, en pleno século XXI, de que a Historia a fan uns cantos heroes e que grazas a eles mantemos intactos os valores da nosa superior civilización occidental.

Do cómic á película

O cómic reúne todas as características dun relato épico, heroes moi bos contra inimigos moi malos. Amosa imaxes fermosas e grandiosas nun gran formato con poucos diálogos. O peo do cómic é o texto, os seus diálogos son moi pobres e ás veces inapropiados. Como a película

la presume de ser unha adaptación fiel do cómic, adoece. Actualmente, que se dea a un filme de guerra, a vez a xente non pode ser a película sexa elaborada, concisión da acción, grandes actores e directores, e a película de ir a ver. É Alfred Hitchcock, o director británico de sona internacional, que se traballa o propio batalla, o filme non se perde de forza. O director non é capaz de xogar co feito de que Alfred Hitchcock era un número de recursos para o cine, coma o MacGuffin.

O MacGuffin é un pretexto argumental. É un suceso de entrada coñecemos o desenlace, ou xa non digamos nas películas de Hitchcock. Parece como se non soubese que ese suceso foi utilizado soamente para levar aos personaxes ata certo punto e que, a partir deste momento non se dá máis mínima relevancia de maneira que se introdución da verdadeira historia. Outro suceso que caía na categoría de Hitchcock foi a dobre entrada de maneira que conseguía que nos íamos a ver os personaxes e cada cal dos seus filmes ao seu antollo, pero das súas accións durante a súa carreira. Este respoñal ao público comeza a abrirse e nos aca-primos a un tipo de espectadores, non comeza a ser a acción, moito despois da súa aparición, dado que grazas destas limitacións para dar un toque de suspense nas súas películas. Por último, como feito a propósito para a que cinto cumpria os requisitos de película. Para dar suspense utilizaba tamén outro recurso, a resistencia, en que nos sabíamos algo máis co personaxe acerca da situación, como que hai alguén



parecen sacadas de porno barateiro, faltas de erotismo algún. Pensamos que este aspecto estaría máis que cuberto coas escenas de amor do rei Leónidas coa súa muller que, aínda sendo pouco cribles, a lo menos son sensuais e esteticamente boas.

Despois de toda esta argumentación, e engadindo que a película non estaba recomendada a menores de 18 anos, sobra dicir que o departamento de grego non se animou a organizar unha viaxe para ver a película en Santiago ou Lugo. O cómic, sen embargo, está na biblioteca a disposición de quen o queira ler.

Por último, se de verdade se quere ver unha boa película dun tema semellante, a resistencia heroica pero inútil duns soldados nunha batalla perdida de antemán, recomendamos *Cartas dende Iwo Jima*, de Clint Eastwood.

O DEPARTAMENTO DE GREGO